



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n.- Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 22 DE XUÑO DE 2015.

ASISTENTES:

Sr. Alcalde

Don José Muíño Domínguez (PP)

Sres. Concelleiros

Don Carlos Manuel Sande Martínez Alcalde, don José Muíño Domínguez e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados á marxe, para tratar dos asuntos que configuran a Orde do Día da presente sesión.
Don Carlos Allo Cundins (PP)
Dona Sheila Recarey Varela (PP)
Dona Begoña Torrado Lema (PP)
Dona Sandra Méndez Blanco (PP),
incorpórase á sesión ás 20:25 horas.
Dona Miriam Mato Gil (PP)
Don Enrique Díaz Varela (PSdeG- Fernández.
PSOE)
Dona Vanesa Barreira Rama (PSdeG- PSOE)
D. Adrián Paredes Ramos (PSdeG- PSOE)
D. Fernando M. Souto Verdes (BNG)

Secretaria por acumulación

Dona Rosa Ana García Fernández

Interventora

Gema Leal Insua

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Cabana de Bergantiños, sendo as 20:00 horas do día vinte e dous de xuño de dous mil quince, reúñese en sesión extraordinaria o Pleno da Corporación, baixo a Presidencia do Sr.

Da fe do acto a Secretaria por acumulación desta Corporación, Dona Rosa Ana García

Don Enrique Díaz Varela (PSdeG- Fernández.

Aberta a sesión pola Presidencia, previa comprobación pola Secretaria do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese de seguido a coñecer dos seguintes asuntos incluídos na seguinte Orde do Día:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (CONSTITUTIVA).

A acta da sesión anterior resulta aprobada por unanimidade dos presentes.

2.- DAR CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EN MATERIA DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL, NOMEAMENTOS DE TENENTES DE ALCALDE E DELEGACIÓNS.

O señor alcalde dá lectura aos decretos da Alcaldía de delegacións, designación de membros da Xunta de Goberno Local e tenentes de alcalde de data 17 de xuño de 2015. O Pleno queda enterado.

3.- PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO E DELEGACIÓNSEN.

O señor alcalde dá lectura á proposta da Alcaldía en este punto.

Iníciase o debate coa intervención de D. Enrique Díaz quen manifesta: "Pode ser que as 19:30 horas sexa unha hora moi temprana para as persoas que teñan que traballar. En canto ás delegacións, como xa dixen no seu día, é unha forma de baldeirar de contido os plenos e volvo a propoñer que polo menos o relativo a contratos, concesións e adquisicións de bens e dereitos se manteñan como competencias do Pleno."

Na súa intervención D. Fernando M. Souto manifesta o seu acordo co expresado polo representante do PSOE.

O señor alcalde responde: "Imos a probar con este horario e se logo fose preciso a súa modificación vólvese a traer a Pleno para ilo. Manteremos a proposta de delegacións porque con ilo consíguese máis celeridade nos trámites."

Sometida a proposta a votación, por unanimidade dos dez membros que de feito neste momento forman o pleno, e coa apreciación por parte dos tres integrantes do PSOE e o representante do bloque, do seu desacordo á proposta de delegación, o Pleno acorda:

- Que o Pleno se reúna en sesión ordinaria o último xoves de cada mes impar, ás 20:30 horas os meses de abril a setembro (ambos inclusive) e ás 19:30 horas o resto dos meses. Se coincide ese día con festivo, a sesión celebrarase o anterior ou posterior hábil.
- Manter as delegacións efectuadas polo Pleno na Alcaldía en sesión do 23-06-2011.

4.- PROPOSTA SOBRE INDEMNIZACIÓNSEN POR ASISTENCIA A ÓRGANOS COLEXIADOS.

O señor alcalde explica que propón que o importe por asistencia a órganos colexiados sexa o mesmo que ata agora: 90 €. O pleno, por unanimidade, acepta tal proposta.

5.- CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNSEN INFORMATIVAS.

O señor alcalde manifesta que é a súa intención que se creen dúas comisións:



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n.- Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

- Comisións de asuntos do pleno, que será presidida polo Sr Alcalde o quien legalmente le sustitúa, e integrarase ademáis de polo Alcalde por tres concelleiros do grupo municipal do PP, dous representantes do grupo municipal do PSOE e un integrante do grupo mixto (BNG). Cada un deles designará por escrito os representantes e o suplentes.

Esta Comisión reunirase en sesión ordinaria o luns anterior á celebración do pleno ordinario, ás 19 horas.

- Comisión especial de Contas, que estará presidida por delegación del Alcalde, por D. Carlos Sande e integrada ademáis por 3 representantes do grupo municipal PP, 2 do grupo municipal PSOE e un do grupo mixto (BNG). Esta comisión reunirase nos prazos legalmente establecidos cando proceda segundo a normativa local.

A proposta queda aprobada por unanimidade dos integrantes do Pleno neste momento (dez).

6.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DO CONCELLO EN ÓRGANOS COLEXIADOS.

O señor alcalde propón a seguinte representación do Concello en órganos colegiados:

G.D.R.: Titular D. Jose Muíño Domínguez.

Suplente: D. Carlos Manuel Sande Martínez.

GAC: Titular: D. Jose Muíño Domínguez.

Suplente: D. Carlos Manuel Sande Martínez.

Asociación Nería: Titular: D. Carlos Allo Cundíns.

Suplente: D. Jose Muíño Domínguez.

Consellos Escolares: Titular: D. Carlos Allo Cundíns.

Suplente: D. Jose Muíño Domínguez.

Inicia o debate D. Enrique Díaz: "Como xa dixen noutras ocasións podía designar, ao menos coma suplente, a algúñ membro da oposición porque tamén representamos ao Concello e defenderíamos debidamente as propostas que este Concello presentase."

O señor alcalde somete a votación a proposta que queda aprobada polos votos a favor dos seis integrantes do PP e o voto en contra do representante do BNG e tres abstencións dos integrantes do PSOE.

7.- PROPOSTA DE ADICACIÓN EXCLUSIVA PARA O SR. ALCALDE D. JOSÉ MUÍÑO DOMÍNGUEZ E O CONCELLEIRO DELEGADO D. CARLOS ALLO CUNDÍNS.

O señor alcalde dá lectura á proposta ao Pleno neste punto.

Aberto o debate, intervén D. Fernando Souto para decir: "Aínda que as contas do concello estean saneadas, o soldo do Sr. Alcalde non debería de ser o máximo permitido pola lei eilo por simple austeridade."

No seu turno, D. Enrique Díaz manifesta: "Opinamos que os que teñan adicacións deben de cobrar."

(Neste momento, sendo as 20:25 horas e previo permiso da Presidencia, incorpórarse á sesión D^a. Sandra Méndez.)

Continúa D. Enrique Díaz: "Os alcaldes deben de cobrar pero parécenos moito soldo para un concello coma este."

O señor alcalde intervén: "Paréceche moito 2000 € ao mes?".

O Sr. Díaz responde: "Non me parece moito 2000 € pero isa non é a cantidade, é máis."

Intervén D. Carlos Sande: "Nun traballo normal hai un salario bruto. Os 40000 € inclúen os costes da empresa. Son 2080 € netos. Temos dúas dedicacións exclusivas e hai un tenente de alcalde que exerce a veces como tal sen cobrar nada. Creo que son cantidades axustadas ás responsabilidades".

O señor alcalde expón: "Hai unha cuestión fundamental e é a xestión do concello. Este concello ten deuda cero e iso a veces depende de quen governe e como se governe. Unha boa xestión ten que valorarse positivamente".

D^a Vanesa Barreira intervén para decir: "De acordo coa economía do momento, é para este soldo?".

D. Fernando Souto volve a intervir dicindo: "Non se debe de comparar con situacións peores senón actuais e se por exemplo en Barcelona ou Valencia cobran máis ou menos, eso os seus alcaldes, deberíamos de comparalo en positivo con este Concello".



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTÍNOS

A Carballa, s/n.- Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTÍNOS
(A Coruña)

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

D. Enrique Díaz pregunta á Sra. interventora: "Que vai incluído nisto?". Ao que a sra. interventora responde: "É o soldo bruto anual, dividido en catorce pagas. Os costes da empresa van aparte, niso só se inclúen retribucións."

O señor alcalde somete o asunto a votación. O Pleno, por sete votos a favor dos integrantes do PP e catro en contra dos integrantes do PSOE e BNG, acorda:

1º.-Recoñecer as seguintes dedicacións exclusivas e o seu réxime de retribucións por desenrolo destas:

- Ao Sr Alcalde, D. Jose Muíño Domínguez, que percibirá unhas retribucións de 40000€ brutos anuais, que serán abonados en 14 mensualidades.

- A D. Carlos Allo Cundíns, Concellal delegado de Obras e servizos, que percibirá unhas retribucións brutas de 29400€ anuais que serán aboadas en 14 mensualidades.

2º.- Estas retribucións son incompatibles coas asistencias pola concurrencia a órganos colegiados dos que formen parte. Poderán percibir indemnizacións polos gastos que lles ocasione o ejercicio do seu cargo, cando sexan efectivos e previa xustificación dos mesmos.

3º.- Proceder a súa afiliación /alta no Réxime da Seguridade Social de acordo co disposto no párrafo 2 do art 75 da Lei 7/85. A Corporación asumirá o pago da cota empresarial que lle corresponda.

4º.- Este acordo surtirá efectos a partir do seguinte ao da súa adopción.

E non habendo mais asuntos de que tratar, o Sr. Alcalde da por rematada a sesión sendo as 20:45 horas, da que se extende a presente acta de tódolos asuntos debatidos e aprobados, do que eu, Secretaria, dou fe e certifico.

O ALCALDE



Asdo. José Muíño Domínguez

A SECRETARIA POR ACUMULACIÓN



Asdo. Rosa Ana García Fernandez

